

Mesa Sectorial 20 de abril de 2021

Información sobre procesos selectivos

OPEs pendentes de elección de destino

- Médico/a de familia, pediatra AP, odontólogo/a AP, TCAE (libre, discapacidade xeral e intelectual), PSX (libre e discapacidade xeral), fisioterapeuta, matró/a e as especialidades de enfermaría familiar e comunitaria, de saúde mental e do traballo.

Finais de abril: publicación da resolución pola que se declaran os aspirantes definitivamente seleccionados, se publica o cadro de prazas a ofertar e se abre un prazo de DEZ días hábiles para a **elección de destino**, que se fará a través do FIDES.

- Excepto TCAE pola queda de discapacidade intelectual que farán a elección de destino mediante a cumprimentación dun formulario que estará publicado na web do Sergas, e que terán que presentar por rexistro.

Teñen previsto que a **toma de posesión** se produza aproximadamente a **finais de maio**.

- Enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica.

Esta categoría terá unha **demora na elección de destino** posto que vaise resolver o concurso específico antes.

A Administración aclara que esta demora pode ser de aproximadamente un mes.

OPEs convocadas e pendentes de exame.

As categorías de FEAs, técnicos/as superiores e Técnicos/as en farmacia teñen prevista a realización dos **exames da fase de oposición entre o 15 de setembro e o 31 de outubro**.

Informan que xa están constituídos todos os tribunais. O venres 23 de abril publicaranse no DOG varias modificacións na composición dos tribunais.

Negociación de novas convocatorias de OPE

No **mes de maio** remitirán para o seu tratamento na comisión técnica de OPE:

- Os borradores das convocatorias de calefactor/a, electricista, fontaneiro/a, mecánico/a, costureiro/a, lavandero/a, pasador/a de ferro, condutor/a, traballador/a social, técnico superior, de xestión e especialista de sistemas e tecnoloxías da información, FEAs en cirurxía oral e maxilofacial, en cirurxía pediátrica, en cirurxía plástica, estética e reparadora, en inmunoloxía e en oncoloxía radioterápica.
- Unha proposta de puntuación adicional COVID.